

**ACTA DA SESION DE CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN CELEBRADA O DIA 13 DE
XUÑO DE 2015**

Concelleiros electos presentes:

FRANCISCO GARCÍA SUÁREZ
MARIA CRISTINA CID FERNÁNDEZ
BERNARDO VARELA LÓPEZ
MARIA ELENA SUÁREZ ESTEVEZ
MARIA TERESA DEVESA GRAÑA
ALBERTO CONDE RODRIGUEZ
MARIA ISABEL POISA REY
FRANCISCO ALEJANDRO PIÑEIRO LOSADA
MANUEL CID PÉREZ
LUZ DOPORTO REAL
JOSÉ DANIEL RODICIO PÉREZ
MARIA DEL CARMEN PÉREZ GONZÁLEZ
ZAIDA AUXILIADORA RODRIGUEZ CAMBA

Secretario:

DON MAXIMINO JARDÓN PEDRAS

No Salón de Actos da Casa do Concello de Allariz, cando son as doce horas e trinta minutos do día TRECE de XUÑO de DOUS MIL QUINCE, previamente convocados, reuníronse os Sres. Concelleiros electos nas eleccións locais celebradas o día 24 de MAIO de 2015.

Os membros asistentes que se relacionan á marxe, constitúen a maioría absoluta, xa que concurriron á sesión os trece concelleiros que compoñen a Corporación, co obxecto de celebrar sesión pública de constitución da nova Corporación conforme dispón o artigo 195 e seguintes da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño.

---***---

Abriu formalmente o acto de constitución da nova Corporación local, o Alcalde en funcións, don Francisco García Suárez, anunciando a inmediata constitución dunha mesa de idade.

1. FORMACIÓN DA MESA.

A Mesa de Idade, integrada polos concelleiros electos de maior e de menor idade presentes no acto, e da que será Secretario o da Corporación, segundo dispón o artigo 195. 2 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño (LOREX), quedou constituída por don José Daniel Rodicio Pérez, concelleiro de maior idade, e dona Zaida Auxiliadora Rodríguez Camba, concelleira de menor idade, asistida por don Maximino Jardón Pedras, Secretario da Corporación.

2. CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN E TOMA DE POSESIÓN.

Feitas as comprobacións oportunas, declarase constituída a Corporación municipal cos seguintes membros:

Nº de orde	Nome e apelidos	Candidatura
1	FRANCISCO GARCÍA SUÁREZ	BNG
2	MARIA CRISTINA CID FERNÁNDEZ	BNG
3	BERNARDO VARELA LÓPEZ	BNG
4	MARIA ELENA SUÁREZ ESTEVEZ	BNG
5	MARIA TERESA DEVESA GRAÑA	BNG
6	ALBERTO CONDE RODRÍGUEZ	BNG
7	MARIA ISABEL POISA REY	BNG
8	FRANCISCO ALEJANDRO PIÑEIRO LOSADA	BNG
9	MANUEL CID PÉREZ	BNG
10	LUZ DOPORTO REAL	PP
11	JOSÉ DANIEL RODICIO PÉREZ	PP
12	MARIA DEL CARMEN PÉREZ GONZÁLEZ	PP
13	ZAIDA AUXILIADORA RODRÍGUEZ CAMBA	PSdeG-PSOE

Seguidamente, procedeuse á toma de posesión dos cargos de concelleiros de acordo co seguinte procedemento: O presidente da mesa, don José Daniel Rodicio Pérez, de conformidade co disposto no artigo 108. 8 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral –LOREX, deu lectura pública da fórmula establecida no Real Decreto 707/1979, de 5 de abril, requirindo aos invocados nos seguintes termos: *¿xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro/a con lealtade ao Rei e de gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?». A continuación foron chamados, por orde alfabética, todos e cada ún dos concelleiros electos, respondendo afirmativamente e prestando xuramento ou promesa de prestar o cargo nos termos requiridos, polo que todos e cada ún deles quedaron investidos, tomando plena posesión do cargo de concelleiro ou concelleira.*

3. ELECCIÓN DO ALCALDE.

A continuación, procedeuse á elección do Alcalde de entre os concelleiros que encabezan as correspondentes listas:

1. D. FRANCISCO GARCÍA SUÁREZ, polo BNG.
2. D^a. LUZ DOPORTO REAL, polo PP.
3. D^a. ZAIDA AUXILIADORA RODRIGUEZ CAMBA, polo PsdeG – PSOE.

Todo os concelleiros, chamados pola Mesa de Edade, por orde alfabética, depositaron o seu voto en urna mediante papeleta.

Terminada a votación, a Mesa de Edade efectuou o escrutinio, co seguinte resultado:

- Votos emitidos (trece) 13
- Votos válidos (trece) 13
- Votos en branco (-----) --
- Votos obtidos polos Candidatos:

D. FRANCISCO GARCÍA SUÁREZ, polo BNG.....	9
D ^a . LUZ DOPORTO REAL, polo PP.....	3
D ^a . ZAIDA AUXILIADORA RODRIGUEZ CAMBA, polo PsdeG – PSOE...	1

En consecuencia, sendo 13 o número de concelleiros e 7 a maioría absoluta legal, resultou elixido don FRANCISCO GARCÍA SUÁREZ.

4. ACEPTACIÓN E TOMA DE POSESIÓN DO CARGO DE ALCALDE.

A continuación procedeuse á toma de posesión do cargo de Alcalde. Para elo, coa debida formalidade, o presidente da mesa de idade deu lectura pública da fórmula regulamentaria expresada nos seguintes termos *“¿Xura vostede ou promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Alcalde, con lealtade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado?”*. Don FRANCISCO GARCÍA SUÁREZ respondeu: Sí prometo, e -engadiu- comprométome a defender os intereses xerais do concello de Allariz e de Galiza.

Queda proclamado Alcalde, declarou solemnemente o presidente da mesa.

Acto seguido, o Sr. Alcalde tomou a palabra e pronunciou un discurso institucional, que se transcribe integramente.

5. DISCURSO INSTITUCIONAL DE TOMA DE POSESIÓN.

“Moi bos días, moitas grazas.

Nunha constitución municipal, ó contrario do que sucede nun parlamento, non hai un discurso de investidura no que o candidato á presidencia expón as súas propostas e posteriormente hai un debate a respecto do mesmo. Non obstante, permitideme que, mais alá de dar as grazas, diríxa unhas palabras de agradecemento.

Estes días levo reflexionado bastante a respeito dos 26 anos de transformación positiva do concello de Allariz, levo reflexionado bastante porque moitos dos valores que nós puxemos en marcha, mesmo valores simbólicos, como se ve nesta toma de posesión que, igual que nas anteriores, non temos bastón de mando, a pesar de que hai un bastón de mando no concello, pero para nós esto de que o mellor alcalde é o pobo e de que o concello ten que estar ao servizo do pobo, tamén se ten transmitido a través destas imaxes, e a verdá, e aínda que é a cuarta vez que son elixido Alcalde, pásame como nas vodas, son home fácil de emocionar e, efectivamente, ver o apoio que o pobo de Allariz nos leva expresado ao longo de tantos anos, é sen dúbida todo un reto, todo un compromiso.

Con moita ilusión, asumimos esta tarefa e eu quero decirvos que, nese senso, a política, que algún definiu como o arte de facer posible o necesario, eu quedariame mellor con aquela frase que Mar Gil expresa no seu libro *Allariz. A construción dun país*, que dí que “facer política é conducir a vida”, e dende logo, nesta institución temos todo un reto para conducir a vida. E, sen dúbida, vai ser dun xeito positivo para os intereses de todos os veciños e veciñas de Allariz.

Temos un mandato nunha situación socioeconómica moi complicada na que o concello vai seguir priorizando a acción de goberno cunhas grandes liñas que son a dinamización económica e a xeración de emprego. Unhas liñas que non dependen só da acción municipal, pero que o concello ten ahí un papel importante. O estamos a facer no ámbito industrial, coa venda de solo industrial, con boas perspectivas. Así, acaba de anunciarse unha ampliación da fábrica de Incalplas, do grupo Faurecia; vanse materializar as opcións de compra de parcelas polas empresas Misturas e Granitos Ourense, e acaba de porse en marcha a planta de ebanistería Allariz. Tamén está dinamización económica que queremos promover a través da acción comercial, contando co importante sector servizos que ten Allariz, facendo do noso entramado comercial un elemento mais de dinamización económica. Cunha oferta tan singular como son os outlets, todos temos que facer un esforzo para que o sector servizos siga sendo en Allariz un elemento de xeración de emprego.

Tamén no ámbito do sector primario, onde mais nos está costando, porque o abandono do medio rural non é por falta de servizos. Ogallá fora exclusivamente un problema de infraestruturas, ogallá fora un problema de auga, saneamento, pavimentación e alumado público. Non é ese o problema. O problema do medio rural, e probablemente neste mandato podamos chegar a ter o problema de núcleos abandonados, non é por falta ou carencia de servizos públicos, senón polo abandono que se ten feito do sector primario, a pesar de que das iniciativas que temos impulsado, como o pastoreo en extensivo cunha produción de leite ecolóxica, de queixo, produción de carne de boi, e queremos seguir nesa liña para xerar emprego. Esta vai ser –sinála- unha das grandes liñas, dos grandes obxectivos do noso mandato.

O segundo vai ser o de procurar que Allariz siga sendo un concello con calidade de vida, con mellores equipamentos, con mellores servizos; un concello no que os veciños disfruten dun capital social básico, que permita seguir incrementando poboación; que faga que un concello de 6.000 habitantes teña unha oferta que outros, con mais de vinte mil, non teñen. Nese aspecto, sinala, tendo en conta o envellecemento que se vai dar en todas as parroquias, prestaremos especial atención a todos aqueles colectivos, a todas aquelas persoas, sobre todo no ámbito social.

E por suposto, afirma, nestas liñas maestras, vai ser importante adoptar medidas que van ser pioneiras, e neso queremos ser un concello vangarda, como temos sido sempre noutros ámbitos, tamén no ámbito do medio ambiente, para cambiar toda a mentalidade en relación ao sistema de recollida de tratamento do lixo e polo tanto sumarnos a esa proposta do programa *composta en red*, con todos aqueles concellos que apostan pola recuperación e posta en valor dos seus residuos domésticos desde o punto de vista económico e medioambiental.

Tamén queremos seguir insistindo na posta en valor do noso pasado medieval. Esa fermosa frase que dí que “con pasado é mais fácil ter futuro”, en Allariz creemos que ten sido unha realidade. Incidir a partir deste mandato na posibilidade para a posta en marcha, se as condicións económicas o permiten, do novo centro de interpretación medieval que permitirá reforzar a capacidade de atracción que Allariz ten no ámbito museístico, no ámbito da oferta cultural, e mesmo no ámbito dos festivais internacionais de xardíns.

Esas van ser as nosas liñas de traballo, xunto cun compromiso, cun esforzo, para que esta situación económica, que levou a que mesmo tivéramos que facer unha redución da xornada de traballo

a moitos empregados municipais, tratar de recuperar o 100 por 100 desa xornada e contribuir tamén no ámbito municipal a esa recuperación de emprego, porque sen emprego é moi difícil ter calidade de vida.

Quero tamén nesas breves palabras -sinala- brindarlle á oposición municipal, ao mesmo tempo que lle expreso os parabéns e a noraboa a todos aqueles que van integrar por primeira vez esta corporación municipal. Benvidos e espera que sexa unha labor fructífera porque para todos os que estamos participando na vida municipal é unha auténtica escola de convivencia, e polo tanto reitero a benvida a aqueles que se incorporan por primeira vez, e expresarlle aos grupos municipais a nosa disposición a entender, dentro da responsabilidade que nos toca como forza maioritaria, co amplo respaldo que os veciños nos acaban de dar, pero tamén coa humildade e coa dispoñibilidade para incorporar propostas que melloren a actuación municipal. Neste ámbito, e mais alá do mínimo legal, pola nosa parte, e ten sido sempre un dos motivos de orgullo do noso concello, a terán a súa participación en mesas de contratación, tribunais e órganos colexiados. Polo tanto, espera que a oposición municipal poda cumprir o seu papel nesta corporación municipal.

Cree que a lexislatura vai estar marcada non só polo ámbito municipal senón por un contexto global no que Galicia ten que defender as súas posicións. É posible que haxa algún tipo de actuación, de remodelación do propio Estado. Nós, desde o concello, nese papel que temos, de facer país tamén desde os concellos, trataremos de contribuir a que os intereses de Galicia podan ser defendidos noutros ámbitos, e por tanto, que Allariz que tanto tivo que ver no antigo reino de Galicia, teña tamén un papel como concello nese ámbito. Decía Castelao que a verdadeira acción revolucionaria é converter os sonhos en realidade; ese vai ser o noso obxectivo ao longo dos catro anos, ir convertindo sonhos en realidade, a eso os convoco, a eso vos animo con ánimo, e ¡adiante!

Rematou dando novamente as grazas a todos pola súa presenza e levantou a sesión sendo as trece horas e dez minutos, de todo o cal, como Secretario certifico e dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO